



I CARREIRA CAMIÑOS DA VÍA VERDE – DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Deputación da Coruña organizará coa colaboración da asociación de concellos da Vía Verde Compostela - Tambre - Lengüelle, e o Club Atletismo Tambre o sábado 19 de outubro de 2024 a proba “**I Carreira Camiños da Vía Verde**”, unha proba de calendario autonómico que entra dentro da especialidade de atletismo en ruta e que constará das seguintes probas:

- Carreira de **10 km** aprox. en ruta
- Carreira de **2 km** en ruta
- Carreira de **1 km** en ruta
- Carreira de **400 m** en ruta
- Andaina popular de **5 km** en ruta

Esta proba celebrarase coa intención de impulsar a participación entre os/as nenos/as, mozos/as e maiores da provincia da Coruña cunha proba que pon en valor a beleza paisaxística e histórica da recén inaugurada Vía Verde entre os concellos de Oroso e Ordes. Así mesmo, a proba tratará de fomentar e promocionar o deporte en xeral a través da práctica do pedestrismo, ofrecendo a posibilidade a toda a poboación de participar nunha proba singular na provincia da Coruña, nun rango de idade que dará cabida a desde os máis xoves ata os de maior idade.

Sendo o percorrido entre a estación de Oroso – Vilacide e a antiga estación de Ordes – A Pontagra.

As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e rexerase polo seguinte **regulamento**:

1.- Horarios

| HORA | PROBA |
|----------------|-------------------------------------------|
| 16:45 h | Andaina popular de 5 km aprox. |
| 17:30 h | 10 km aprox. |
| 18:40 h | 2 km aprox. escolares |
| 19:00 h | 1 km aprox. escolares |
| 19:15 h | 400 m aprox. escolares |
| 19:30 H | ENTREGA DE PREMIOS (LUGAR DA META) |

2.- Participantes e inscricións

As inscricións realizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com.

Os prazos e cotas de inscrición serán os seguintes:

- Proba de 10 k (adultos): **GRATUITA**
- Proba de 2 k (escolares): **GRATUITA**
- Proba de 1 k (escolares): **GRATUITA**
- Proba de 400 m (escolares): **GRATUITA**
- Andaina de 5 k: **GRATUITA**

PRAZO DE INSCRICIÓN: Ata o 16 de outubro de 2024 ás 23:59 horas.

Deberán indicar a talla de camiseta (agasallo do participante) no momento da inscrición.

3.- Lugar de saída e meta das probas e data de celebración.

A saída da proba de 10 K será desde a zona de os Mallos (Oroso), unha vez pasada a Estación do tren de Oroso - Vilacide. A meta estará ubicada na estación do tren de A Pontraga de Ordes.

A saída da Andaina de 5 K será desde a Estación de Transmonte, nun punto do percorrido característico.

As probas escolares realizaranse na estación do tren de A Pontraga de Ordes.

4.- Traslado en autobús.

Os participantes na andaina de 5 K aprox. serán trasladados ao punto de saída en autobús desde o punto de meta a partir das 16:00 horas.

Os corredores da proba de 10 K aprox. serán traslado ao punto de saída en autobús desde o punto de meta a partir das 16:30 horas.

5.- Categorías dos participantes:

Proba de 10 K

| CATEGORÍA | ANO |
|------------------|-------------------|
| Xuvenís / sub18 | 2007-2008 |
| Xuniors / sub20 | 2005-2006 |
| Promesas / sub23 | 2002-2004 |
| Seniors | 1990-2001 |
| Máster 1 | 1984-1989 |
| Máster 2 | 1974-1983 |
| Máster 3 | 1964-1973 |
| Máster 4 | 1963 e anteriores |

Proba 2 K

| CATEGORÍA | ANO |
|------------------|-----------|
| Cadetes / sub16 | 2009-2010 |
| Infantís / sub14 | 2011-2012 |

Proba 1 K

| CATEGORÍA | ANO |
|-------------------|-----------|
| Alevíns / sub12 | 2013-2014 |
| Benxamíns / sub10 | 2015-2016 |

Proba de 400 m

| CATEGORÍA | ANO |
|---------------------|-------------------|
| Prebenxamín / Sub 8 | 2017 e anteriores |

Na **andaina** de 5k poderán participar todas as persoas que teñan nado no ano **2016** e anteriores.

6.- Trofeos

PREMIOS PROBA DE 10 K

Outorgaranse trofeos os/as tres primeiros/as clasificados/as absolutos da proba de 10 K, e os/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento.

PREMIOS PROBA 1 K e 2 K ESCOLARES

Outorgaranse trofeos os/as tres primeiros/as clasificados/as cada categoría establecida no presente regulamento.

A andaina e a proba de 400 m non serán competitivas, polo cal non se entregarán premios nas mesmas.

Darase medalla a todos os participantes das categorías escolares pola súa participación.

PREMIOS ESPECIAIS A CLUBES NA PROBA DE 10 K

Os 3 clubs federados que máis participantes aporten á proba recibirán:

CLUBES FEDERADOS

| POSTO | PREMIO |
|-------------------|-------------------------------------------|
| 1º Clube federado | Trofeo + Vale material deportivo de 300 € |
| 2º Clube federado | Trofeo + Vale material deportivo de 200 € |
| 3º Clube federado | Trofeo + Vale material deportivo de 100 € |

Deberán inscribirse coa mesma denominación na plataforma www.carreirasgalegas.com e aportar o nome do club e a licencia federativa en vigor na propia inscrición.

7.- Entrega de premios

A entrega de premios terá lugar a partir das 19:30 h na zona de meta (na estación do tren de A Pontraga de Ordes).

8.- Avituallamentos

Haberá servizo de avituallamento líquido aprox. no punto km 5 da proba de 10 K e avituallamento líquido e sólido na meta do resto de probas.

9.- Entrega de dorsais .-

A entrega de dorsais terá lugar no lugar de meta (na estación do tren de A Pontraga de Ordes) a partir das 15:45 horas e ata 30' antes do inicio de cada proba, agás os participantes na andaina e na proba de 10 K que dependerán da saída dos autobuses.

10.- Servizo de gardarroupa e duchas

Haberá servizo de gardarroupa ubicado na zona de meta.

Habilitaranse tamén un servizo de duchas e vestiarios no polideportivo municipal de Ordes a partir das 18:00 horas

11.- Circuito

As probas sobre un circuito en ruta, onde pasarán por camiños de terra, zonas de asfalto e sendeiro propios da Vía Verde.

12.- Outras consideracións regulamentarias

Todo o non recollido no presente regulamento rexerese pola normativa de probas en ruta da **FGA** e da **RFEA** en vigor.

A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento.

Queda totalmente prohibido correr na proba sen estar previamente inscrito.

RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes Deportivos e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

LOPD

Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e un vídeo para a difusión da proba e publicidade por parte da Deputación Provincial da Coruña e da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correoelectrónico á Federación Galega de Atletismo. Complexo Deportivo de Elviña Praza Agustín Díaz, s/n- 15008 A Coruña.